

OS CAMBIOS PREVISIBLES NO FUTURO

O Parlamento de Galicia aprobou, o pasado 22 de setembro de 2004, por unanimidade de todos os grupos parlamentarios, o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, un ambicioso e extenso documento elaborado por diversos equipos de persoas coordinadas desde a Consellería de Educación e O. U. Chega este Plan vinte e un anos despois da aprobación, tamén por unanimidade, da Lei de Normalización Lingüística.

Este Plan xa está publicado (*Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega*. Xunta de Galicia, 2005) e presentado á sociedade. Existe unha comisión que está traballando para plasmar en medidas prácticas o seu desenvolvemento.

Como hai bastantes puntos referidos á lingua galega no ensino, e tamén aos equipos de normalización, é previsible que no inmediato futuro se modifique o marco normativo que regula o funcionamento dos ENL.